

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES AS MARIÑAS
CURSO: 2º BACHARELATO
MATERIA: GREGO II
DEPARTAMENTO: GREGO
DATA: 10 MAIO

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Identificar, analizar e traducir calquera tipo de formas nominais e pronominais.	Recoñece con seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais, declínaas e sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán.
Identificar, conxugar e traducir calquera tipo de formas verbais.	Recoñece con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e/ ou castelán.
Coñecer as categorías gramaticais.	Nomea e describe as categorías gramaticais, sinalando as características que as distinguen .
Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras.	Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos.
Realizar a análise morfolóxica das palabras dun texto grego.	Sabe determinar a forma, a clase e a categoría gramatical das palabras dun texto, detectando correctamente coa axuda do dicionario os morfemas que conteñen información gramatical.
Recoñecer os valores dos casos e os usos sintácticos do sistema pronominal.	Recoñece os valores dos casos gregos e os usos dos pronomes en frases e textos propostos.
Recoñecer e clasificar as oracións e as construcións sintácticas.	Recoñece e clasifica oracións e construcións sintácticas.
Recoñecer os nexos subordinantes e os tipos de oracións subordinadas.	Recoñece, clasifica, analiza e traduce correctamente os nexos subordinantes.
Coñecer as funcións das formas non persoais do verbo.	Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións. Coñece, analiza e traduce correctamente as construcións de participio, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñeza.
Coñecer as características dos xéneros literarios gregos, os seus autores e obras máis representativas, e as súas influencias na literatura posterior.	Describe as características esenciais dos xéneros literarios gregos, e identifica e sinala a súa presenza nos textos propostos.
Coñecer os autores fundamentais da literatura coas súas obras principais.	Nomea autores representativos da literatura grega, encádraos no seu contexto cultural e cita e explica as súas obras máis coñecidas.
Coñecer, identificar e relacionar os elementos morfolóxicos da lingua grega en interpretación e tradución de textos gregos.	Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos gregos para efectuar correctamente a súa tradución.
Utilizar o dicionario e procurar o termo mási apropiado na lingua propia para a tradución do texto.	Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario para tradución de textos, e identifica en cada caso o termo máis apropiado na lingua propia en función do contexto do estilo empregado polo autor.

Recoñecer os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e remontalos aos étimos gregos.	Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e explica o seu significado a partir dos étimos gregos orixinais.
Identificar a etimoloxía e coñecer o significado das palabras de orixe grega da lingua propia ou de outras, obxecto de estudo de léxico común e especializado.	Deduce e explica o significado de palabras da propia lingua ou de outras, obxecto de estudo, a partir dos étimos gregos dos que proceden.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>Terán a materia aprobada aqueles alumnos que teñan os dous primeiros trimestres aprobados.</p> <p>O alumnado que teña a segunda avaliación suspensa, recuperará as actividades que se farán neste terceiro trimestre.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Conexión ás clases virtuais. - Análise morfolóxico, sintáctico e tradución de textos do historiador Xenofonte (probas ABAU de anos anteriores). - Exercicios de etimoloxías de termos que aparecen nos textos de Xenofonte. - Cuestionarios de artigos da revista National Geographic Historia sobre temas de Literatura e Historia Gregas. - Participación e esforzo persoal.
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>A nota de avaliación final será o resultado de aplicar as seguintes porcentaxes:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Nota da primeira avaliación: 50% - Nota da segunda avaliación: 50% <p>A estas porcentaxes poderá sumarse ata 2 puntos polo traballo realizado no terceiro trimestre tendo en conta os seguintes parámetros:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Conexión de maneira habitual ás clases telemáticas. - Realización de maneira satisfactoria das tarefas asignadas.
Proba extraordinaria de setembro	<p>Non haberá proba extraordinaria de setembro porque non hai ningún alumno cos dous trimestres suspensos.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>Non hai alumnos coa materia pendente.</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Faranse actividades de repaso, reforzo e ampliación sobre a materia dada nos dous primeiros trimestres tanto da parte gramatical (tradución, morfoloxía e sintaxe) coma da parte de Literatura e Historia.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Todo o alumnado dispón de conectividade. Mantéñense as clases no horario habitual, dedicando 3 horas semanais á parte de tradución e 1 hora á parte de Léxico, Literatura e Historia . Neste períodos lectivos fanse e corríxense as actividades, e danse as explicacións necesarias para poder levar a cabo o traballo.
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> - Textos de Xenofonte. - Para a parte de Literatura e Historia utilízanse artigos da revista National Geographic Historia con cuestionarios. <p>Como recursos utilizamos o Aula Virtual e o correo electrónico.</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Infórmase ao alumnado e ás familias das cuestións referentes á docencia a través do correo electrónico e dos tutores.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.